

Cáritas Diocesana de Lugo é a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social da Diocese de Lugo.

Formamos parte da Confederación Cáritas Española, integrada á súa vez nunha rede internacional de Cáritas de 198 países.

O noso principal obxectivo é acoller a toda persoa en situación de vulnerabilidade e traballar xunto a ela para que sexa protagonista do seu propio desenvolvemento integral.

A sensibilización da sociedade e a denuncia das situacións de inxustiza con feitos e palabras para conseguir un mundo máis xusto e solidario, forman parte das nosas prioridades.

Grazas ao compromiso de miles de voluntarios/as, traballadores/as, socios/as e doantes, as accións de Cáritas son un sinal de esperanza e transformación da nosa sociedade.

### Participa e Colabora

Cáritas Diocesana de Lugo  
R/ da Cruz, 1 - A, 27001, Lugo.  
982 24 20 09  
[www.caritalugo.es](http://www.caritalugo.es)



### Institucións colaboradoras

Queremos expresar o noso agradecemento a todas estas institucións e entidades privadas que apoiaron a xestión e o traballo de Cáritas Diocesana de Lugo.



CARIDADE 2023

# TI TES MOITO QUE VER



SOMOS OPORTUNIDADE  
SOMOS ESPERANZA

  
**Cáritas**  
Diocesana de Lugo

En **Cáritas Diocesana de Lugo** a **persoa está no centro da nosa acción**. A súa dignidade inviolable e a total oposición a tódalas formas de pobreza, opresión, inxustiza e desigualdade social son os principios que moven a nosa labor.

**Convidámoste a tomar parte na vida social** que compartimos crentes e non crentes, **para abrir a mente e reenfocar a mirada, para ver xuntos** outra realidade do mundo da que formamos parte: a de moitas persoas que non poden acceder aos mesmos dereitos, os que viven en desvantaxe por moitas razóns, os que viven na tristeza, a soidade e a pobreza.

**Celebrar o día da Caridade** é participar no banquete do Reino, comungar cos valores de Xesús e o seu estilo de vida, facernos pan e viño con El para dar vida en abundancia, entregala por amor; e facernos próximos, irmáns e irmás próximas, especialmente, dos que máis sofren.

## COÑECE OS NOSOS PROGRAMAS

En **Cáritas Diocesana de Lugo** contamos con 19 programas que ofrecen servizos especializados atendendo ás necesidades e capacidades de cada persoa.

Descúbreos en [www.caritalugo.es](http://www.caritalugo.es) ou escanea o QR.



ACTIVIDADES / CARIDADE 2023

**Mércores, 7 de xuño ás 20:00h.**

## PREGÓN DA CARIDADE

a cargo de  
**D. Ramón Ares Rico,**  
Xerente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada  
de Lugo, Cervo e Monforte.

Salón de Actos da Deputación de Lugo  
Rúa San Marcos, 8.

**Xoves, 8 de xuño.**

**09:30h. - 13:30h.**

**Recollida de donativos** nas rúas de Lugo, Monforte, Sarria, Pobra de San Xulián e Lalín.

**18:00h.**

Acto de sensibilización da **Campaña Educativa Caridade 2023.**

Presentación da Exposición.  
Entrega de regalos ós nenos e mozos participantes.

Seminario de Lugo,  
Avd. Alcalde Anxo López Pérez.

**19:00h.**

**Actividades para nenos e mozos.**

Xogos tradicionais.  
Seminario de Lugo,  
Avd. Alcalde Anxo López Pérez.

**Domíngo, 11 de xuño.**

**10:30h. a 14:00h.**

**Recollida de donativos** en, Melide, Chantada, Silleda e Lalín, por persoas voluntarias.

**Todo o día.**

Colectas nas Misas de toda a Igrexa Diocesana.

Os Servizos Xerais de **Cáritas Diocesana de Lugo damos as grazas** a todas aquelas persoas que co seu traballo voluntario e os seus donativos contribuíron ao desenvolvemento da pastoral da Caridade na Diocese.

**Unha vez máis lembramos que a Caridade é obra de todos.**

Só implicando ás comunidades na loita pola xustiza desde a fe e o amor cristián, seremos quen de ir avanzando na construción do Reino de Deus na Terra.